



### “A VERDADEIRA HUMANIZACIÓN”

“A rúa é nosa e non de Fenosa”, ese era o lema que fai uns cantos anos era coreado polos veciñ@s da vila para que a citada empresa retirara un poste da luz que estaba en plena rúa.

Despois de varios anos as cousas seguen igual ou peor, xa que podemos citar innumerables casos nos que Fenosa incurre en irregularidades. Por moito que proteste a veciñanza de xeito individual non xurde ningún efecto, xa que “pasan” de nós.

Desde anova-cedeira pesamos que debe ser o Concello o que presione á empresa para que nos devolva o espazo público que está a ocupar irregularmente, humanizando así espazos como as beirarrúas que deberían ser empregadas polos peóns.

Dada a situación tan preocupante e antes de que ocorra algunha desgraza (xa que en moitos lugares os cables colgan “a calquera maneira”) instamos a que desde o Concello como institución, (que debería representar a tódol@s veciñ@s), tome as medidas que considere oportunas para correxir as numerosas “barbaridades” que se poden apreciar si se pasea pola vila e da que a continuación se ilustra cunha pequena mostra.



